

Convenio colectivo do centro de traballo de Ourense da empresa Persianas Roma, S.L. dedicada á venda e fabricación de persianas de interior, toldos e estores (Anos 2002-2005)¹

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Queda sometido o centro de traballo de Persianas Roma, S.L. situado na provincia de Ourense no polígono industrial de San Cibrao das Viñas de Ourense.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Quedan comprendidos neste convenio todos os traballadores da empresa descrita no ámbito funcional.

Artigo 3º.-Ámbito territorial.

As disposicións deste convenio terán vixencia no centro de traballo que a empresa Persianas Roma, S.L. ten situado na rúa Martín Esperanza do polígono industrial de San Cibrao das Viñas en Ourense.

Artigo 4º

A duración deste convenio será de catro anos, comezando a rexer o 1 de xaneiro de 2002 e finalizando o 31 de decembro de 2005.

Artigo 5º.-Prórroga.

O convenio prorrogarase por períodos anuais ao non denuncialo por escrito calquera das partes cunha anticipación mínima de tres meses respecto da data da súa terminación.

Ao finalizar a vixencia a que se refire o artigo 4º, manterán a súa aplicación e validez todas as cláusulas ata a entrada en vigor do novo convenio.

Artigo 6º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as disposicións contidas neste convenio establécense co carácter de mínimos, polo que, os pactos, acordos ou situación actualmente implantadas nas distintas empresas que impliquen condicións máis beneficiosas subsistirán para aqueles traballadores que as estean a desfrutar.

Réxime de traballo.

Artigo 8º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo máxima será de corenta horas semanais.

Artigo 9º.-Vacacións.

Todos os traballadores gozarán anualmente de 30 días naturais de vacacións retribuídas con salario base, gratificación de transporte e antigüidade.

A empresa confeccionará conxuntamente o calendario de vacacións cos representantes legais dos traballadores.

A empresa, por solicitude do traballador, está obrigada a entregar un xustificante con expresión da data de inicio e de terminación. As vacacións non poderán comezar a computar en sábado nin en véspera de día santo.

Artigo 10º.-Inasistencias retribuídas.

O traballador, logo de aviso e xustificación, poderase ausentar do traballo con dereito a remuneración por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

a) 15 días naturais en caso de casamento.

b) 2 días en caso de enfermidade grave ou falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando por tal motivo o traballador necesite realizar un desprazamento (enténdase a máis de 150 quilómetros da súa vivenda habitual), o prazo será de catro días.

¹ Publicado no DOG núm. 118, do 21 de xuño de 2004.

c) 2 días por traslado de domicilio habitual.

d) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do 20% das horas laborais nun período de tres meses, poderá pasar o traballador afectado á situación de excedencia regulada no artigo 46 do ET.

No suposto de que o traballador, polo desempeño do deber inescusable de carácter público e persoal, percíbese compensación económica ou indemnización, o importe percibido descontarase do salario a que tivese dereito na empresa.

e) Por nacemento de fillo: 6 días.

f) As traballadoras, por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo que poderán dividir en dúas fraccións. A muller pode substituír este dereito por unha redución na xornada laboral de media hora con esta finalidade.

Réxime económico.

Artigo 11º.-Salario base.

Comprende as retribucións que en xornada normal de traballo figuran na táboa salarial do anexo.

Artigo 12º.-Rendemento mínimo.

Considérase rendemento mínimo o adaptado comparativamente aos usos profesionais da actividade comercial de fabricación de persianas, toldos e estores na localidade.

Artigo 13º.-Aumentos periódicos por anos de servizos.

O persoal da empresa percibirá aumentos periódicos por anos de servizos consistentes no aboamento de quinquenios na contía do 5% do salario base.

A data inicial para o cómputo dos aumentos por anos de servizos será a de ingreso na empresa, incluído o tempo de aprendizaxe; en calquera caso desde a data deste convenio.

Artigo 14º.-Horas extraordinarias.

O importe das horas extraordinarias virá determinado polo cálculo do salario hora día individual que se realizará conforme a seguinte fórmula:

De acordo co establecido no Decreto do 17 de agosto de 1973 sobre ordenación do salario e Orde ministerial do 22 de novembro de 1973 que o desenvolve, a determinación do salario hora individual será mediante a aplicación da fórmula seguinte:

$(365+G)x(S+A3)$.

S.H.I. Dtxhoras xerais máxima legal.

S.H.I.: é o salario individual.

365 é o número de días ao ano.

G: é o número de días retribuídos que corresponde por gratificacións extraordinarias de Nadal, xullo e beneficios.

S: é o salario base diario.

A: os aumentos periódicos por anos de servizos.

DT: os días de traballo do ano deducidos os domingos, festivos retribuídos e vacacións.

O incremento que se aplica sobre o salario hora é o seguinte:

75% nas extraordinarias de días laborables.

150% nas extraordinarias de domingos e festivos.

Artigo 15º.-Desprazamento e axudas de custo.

Os traballadores que mediante orde expresa do empresario ou persoa que o represente se vexan obrigados a realizar viaxes ou traballos de carácter profesional por conta e baixo a dependencia da empresa, con desprazamentos a lugares distantes do centro de traballo que imposibiliten o seu regreso e sexa preciso efectuar comidas fóra do seu domicilio habitual, ou teñan necesidade de desprazarse a localidades onde a misión encomendada exixa unha permanencia que obrigue a tomar aloxamento, terán dereito ao cobramento dos gastos orixinados de acordo coa empresa e unha vez xustificadas.

Artigo 16º.-Gratificacións extraordinarias.

Todo o persoal afectado por este convenio percibirá tres pagas extraordinarias, consistentes nunha mensuralidade dos salarios base vixentes en cada momento, aumentos periódicos por antigüidade e gratificación por transporte.

A gratificación por transporte fíxase para estes efectos na cantidade de 63,96 euros.

Estas pagas serán aboadas:

A paga de verán, antes do 20 de xullo; a paga de Nadal antes do 20 de decembro; a paga de beneficios antes do 21 de marzo.

O importe das referidas gratificacións será rateado en proporción ao tempo traballado durante o ano, computándose como o correspondente a enfermidade xustificada, accidente de traballo, vacacións e permisos retribuídos.

Artigo 17º.-Compensación por accidentes de traballo.

En caso de enfermidade común, accidente de traballo ou enfermidade profesional, o persoal en situa

ción de incapacidade temporal percibirá con cargo á empresa por un período dun ano como máximo, o salario que lle corresponda por este convenio, incrementado cos aumentos periódicos por antigüidade.

A empresa poderá descontar destes durante ese período as prestacións económicas que correspondan ao seguro obrigatorio de enfermidade.

Artigo 18º.-Gratificación de transporte.

Establécese unha gratificación de transporte para todos os traballadores afectados por este convenio de 2,54 euros por día traballado.

Artigo 19º.-Salarios.

Este convenio incrementarase nun 3,25% para o ano 2003 con respecto á táboa salarial do ano 2002. Durante o ano 2004 páctase un incremento do 3,20% sobre a táboa salarial do ano anterior, o que supón un incremento do 0,60% máis o IPC correspondente ao ano 2003, é dicir $0,60\% + 2,60\% = 3,20\%$.

Artigo 20º.-Fomento da contratación indefinida.

As partes asinantes comprométense a fomentar a contratación indefinida como norma xeral de acordo coa lexislación vixente.

Non entanto, ao ser este un sector cunha problemática específica, propóñense os seguintes modelos de contratación:

a) Contrato eventual por circunstancias de produción, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos. A duración máxima será de doce meses dentro dun período de dezaioito. Esta duración máxima será de aplicación tanto para os novos contratos que se pacten a partir da publicación deste convenio como para aqueles que se asinen antes desta.

b) Contrato para a formación. As partes asinantes deste convenio acordan que a duración mínima deste contrato será de seis meses e a máxima de tres anos.

c) Contrato en prácticas. A retribución dun traballador contratado baixo esta modalidade será dun 60% no primeiro ano e un 75% durante o segundo do salario da súa categoría profesional en cómputo anual, quedando incluído neste a gratificación por transporte.

d) Contrato de fomento da contratación indefinida. Aplicarase o que dispón a lexislación vixente na materia.

Artigo 21º.-Comisión paritaria.

Para todas as cuestións que deriven da aplicación, interpretación e vixilancia deste convenio, constitúese unha comisión paritaria formada polos delegados de persoal e os representantes da empresa asinantes deste convenio.

Artigo 22º.-Roupa de traballo.

Aos traballadores que proceda, a empresa proporcionaralles o vestiario adecuado para o traballo.

Artigo 23º.-Excedencias.

Pode ser voluntaria ou forzosa.

A forzosa suporá a conservación do posto de traballo e o cómputo da antigüidade durante a súa

vixencia. Concederase pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo. O reingreso deberase solicitar dentro do mes seguinte ao cesamento no mencionado cargo.

A excedencia voluntaria: teñen dereito a solicitala os traballadores cunha antigüidade mínima dun ano na empresa e o prazo será como mínimo de dous anos e como máximo de cinco. Este dereito só poderá ser exercido polo mesmo traballador cando transcorran catro anos desde o final da anterior excedencia.

Excedencia por coidado de fillos: os traballadores terán dereito a un período non superior a tres anos de excedencia para atender ao coidado de cada fillo, xa o sexa por natureza ou por adopción, contado desde a data do nacemento deste de acordo co establecido na lexislación vixente. Durante o primeiro ano tense dereito á reserva do mesmo posto de traballo que se viña desempeñando. Durante os dous anos seguintes reservarse un posto equivalente ao que o traballador viña desempeñando.

Artigo 24º.-Recoñecementos médicos.

Conforme a lexislación vixente practícaranse recoñecementos médicos como mínimo unha vez ao ano. Pola súa parte, os traballadores estarán obrigados a someterse a cantos recoñecementos médicos dispoñan a empresas ao seu cargo, tanto en situación activa como de incapacidade temporal ou similar.

Artigo 25º.-Protección da maternidade.

O centro de traballo aplicará a lexislación vixente con sumo coidado e respecto polo dereito á maternidade nos termos consagrados no Estatuto dos traballadores. No caso de maternidade, a empresa concederá os permisos de 16 semanas ininterrompidas ampliables por parto múltiple até 18 semanas. O período de suspensión distribuirase a opción da interesada, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto, podendo facer uso destas o pai en caso de falecemento da nai.

Non obstante o anterior, no caso de que pai e nai traballen, a nai, ao iniciar o período de suspensión, poderá optar por que o pai disfrute de catro das últimas semanas de suspensión sempre que sexan ininterrompidas e ao final do citado período, excepto que no momento da súa efectividade a incorporación da nai ao traballo supoña un risco para a súa saúde.

No suposto de adopción, se o fillo adoptado é menor de nove meses, a suspensión terá unha duración máxima de oito semanas, contadas a partir da resolución xudicial por que se constitúe a adopción. Se a adopción o é dun menor de cinco anos e maior de nove meses, a suspensión terá unha duración máxima de seis semanas.

No caso de que pai e nai traballen, só un deles poderá exercer este dereito.

Artigo 26º.-Período de proba.

Poderase concertar por escrito un período de proba que en ningún caso excederá seis meses para os

técnicos titulados, nin tres meses para os demais traballadores, excepto para os non cualificados, caso en que a duración máxima será de quince días laborables.

Transcorrido o período de proba sen que se produza o desistencia, o contrato producirá plenos efectos e computarase o tempo de servizos prestados na antigüidade do traballador na empresa.

A situación de incapacidade temporal que afecta o traballador durante o período de proba interrompe o cómputo deste sempre que se produza o acordo entre ambas as partes.

Disposición adicional

Para o non previsto neste convenio haberá que atermos ao preceptuado no Estatuto dos traballadores e lexislación de desenvolvemento, así como na normativa referida a prevención de riscos laborais e medicina da saúde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Cláusula de submisión ao AGA.

As partes asinantes deste convenio acordan someterse durante a súa vixencia ao Acordo galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo, nos propios termos en que están formulados.

Segunda.-Partes asinantes.

Este convenio asínano os membros da comisión negociadora constituída a petición dos representantes da empresa. A súa composición é a seguinte: delegados de persoal do centro de traballo: Marina Judith Domínguez Castro, María Felisa Lorenzo Espinosa e Julio González Pérez, e como representantes da empresa Ramón González Freire e José González García.

Grupo	Ano 2002	Ano 2003	Ano 2004
* Grupo primeiro	548,32 €	566,15 €	584,27 €
Profesional de oficio de terceira			
Vixilante sereno			
Cobrador			
Conserxe			
Empaquetador			

Peón			
Peón ensamblaxe veneciana			
Peón corte veneciana			
Peón ensamblaxe lámina de madeira			
Peón corte lámina madeira			
Peón ensamblaxe de toldo			
Peón cosido toldo			
Peón cosido estor			
Peón compactos			
Telefonista			
Limpadora			
* Grupo segundo	557,16 €	575,27 €	593,67 €
Colocador ou instalador de persiana			
Colocador instalador de toldo			
Colocador instalador de estor			
Auxiliar administrativo			
Profesional de oficio de segunda			
* Grupo terceiro	570,98 €	589,54 €	608,41 €
Delineante			
Profesional de oficio de primeira			
Oficial administrativo			
Caixeiro			

Viaxante			
Dependente			
* Grupo cuarto	627,08 €	647,46 €	668,18 €
Xefe administrativo			
Contable			
Xefe de división			
Xefe de taller			
Xefe de persoal			
Xefe de compras			
Xefe de vendas			
Xefe de delegación			
Xefe de almacén			
Xefe de servizo mercantil			
Titulado de grao medio			
* Grupo quinto	683,19 €	705,40 €	727,97 €
Director			
Titulado de grao superior			